



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A SUBSTITUCIÓN DO COORDINADOR DE EMERXENCIAS, PERTENCENTE AO DEPARTAMENTO DE OBRAS DO CONCELLO, A CONSECUCENCIA DA BAIXA POR IT DESTE.

EXPEDIENTE: 2023/G003/000561

Ante a necesidade de proceder á substitución do coordinador de emerxencias, pertencente ao departamento de Obras e Servizos do Concello, de baixa por IT dende fai meses, solicitóuselle ao departamento de Persoal a elaboración das bases que rexerán a contratación dun substituto/a ata a incorporación deste así como informe aos servizos de intervención municipal e xurídicos.


Vistas as bases elaboradas que constan no expediente e o informe dos servizos xurídicos de data 18 de setembro de 2023 que se transcribe a continuación:

“DONA SONIA CAMPOS ARES, técnica xurídica do Concello de Carral e responsable do departamento de Persoal, emite o seguinte informe en resposta á providencia da alcaldía do 14 de setembro de 2023 e unha vez elaboradas as bases que rexerán a contratación laboral temporal para a cobertura mediante a modalidade contractual de substitución dun/ha coordinador/a de emerxencias para o departamento de Obras e Servizos municipais tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Na actualidade o coordinador de emerxencias do Concello atópase de baixa por incapacidade temporal sen que exista, a curto prazo, unha previsión dunha pronta incorporación, o que fai necesario a contratación laboral temporal de persoal mentres dure esta situación para poder prestar un servizo de calidade e unha efectiva atención cidadá.

Visto que non existe nesta Administración bolsa de traballo para cubrir postos desta natureza.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


Tendo en conta que a posible contratación, segundo o indicado na providencia da alcaldía do 14 setembro de 2023, sería para a substitución do coordinador de emerxencias, polo que a nova contratación sería nos mesmos termos laborais e económicos que o titular do posto, isto suporíalle ao Concello un custo total mensual, aos efectos da preceptiva fiscalización municipal, de

POSTO	GRUPO COT.TARI FA	SALAR IO BRUT O	P.P PAGA S EXTR AS	CUSTO SALARI AL TOTAL	% COTA PATRONA L SEGURIDA DE SOCIAL	COTA PATRONA L SEGURIDA DE SOCIAL	TOTAL CUSTO MES
Coordinador/a emerxencias	8	1.409,2 2€	234,87 €	1.644,09 €	33,25%	546,66€	2.190,7 5€

A este cálculo hai que engadirlle a indemnización por fin de contrato que sería dun día por mes traballado, é dicir, 54,80€ por mes traballado.

Tendo en conta que se están informando os custos dunha substitución do titular do posto tamén habería que informar os custos a maiores xerados a consecuencia desta IT que ten que asumir o Concello. É dicir, o custo mensual da cota á Seguridade Social e do complemento ata o cen por cen do salario mensual xa que a Seguridade Social abona o setenta e cinco por cento. Isto é:

CUSTO MENSUAL SEGURIDADE SOCIAL MENSUAL DO TITULAR DO POSTO	COMPLEMENTO MENSUAL ATA O 100% DO SALARIO MENSUAL DO TITULAR DO POSTO
536,90€	418,87€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


Tendo en conta as **modificacións introducidas polo Real Decreto Lei 32/2021**, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo **infórmase** que os contratos que se celebren a partir do 31 de marzo de 2022 cunha duración determinada só poden ser **por circunstancias da produción ou por substitución da persoa traballadora**, a excepción dos contratos de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral vinculados a programas de activación para o emprego e os contratos formalizados no marco de execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea. Neste caso é aplicable a contratación por substitución da persoa traballadora pois o titular do posto atópase de baixa por IT.

Vistas as bases elaboradas polo departamento de Persoal onde se establece un sistema de concurso libre e entrevista profesional para a posible contratación, mediante a modalidade contractual de substitución, dun/ha coordinador/a de emerxencias.

Tendo en conta a **LEXISLACIÓN APLICABLE**:

- O Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
- O texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- A Lei 11/2020, de 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021
- O artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Visto canto antecede, estes servizos municipais **INFORMAN de xeito favorable** as bases e a posible contratación de duración determinada dun/ha coordinador/a de emerxencias para o departamento de Obras e Servizos do Concello, en substitución do titular do posto que se atopa de baixa por IT, e que suporía un custo total mensual aproximado, aos efectos da preceptiva fiscalización municipal, de dous mil cento noventa euros con setenta e cinco céntimos (2.190,75€) máis a posible indemnización de fin de contrato de corenta e seis euros con trinta e oito céntimos (54,80€) por mes traballado ata a incorporación ao traballo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

do titular do posto. Ademais deberase ter en conta os custos mensuais que asume o Concello do titular do posto, de baixa por IT, e que aparecen recollidos neste informe.

O que se traslada á alcaldía e ao departamento de Intervención para a continuidade na tramitación do presente expediente a fin de comezar co procedemento de selección do persoal para cubrir o posto mencionado.”

Tendo en conta o informe da intervención municipal do 28 de setembro de 2023 no que se verifica “a existencia de crédito máximo no exercicio orzamentario 2023, conforme ao sinalado no informe da Técnico de Administración Xeral do Concello (...) na aplicación presupostaria 135.13100 e (...) na aplicación orzamentaria 135.16000. Para o exercicio 2024, deberase estar á existencia de crédito orzamentario para os meses que corresponda esa contratación, tendo en conta os custos a maiores xerados a consecuencia desta IT que ten que asumir o Concello (...)”.


Vistas as observacións da Secretaría municipal na que se advirte da necesidade de garantir os principios de mérito, capacidade, igualdade e publicidade.

Tendo en conta que ningún currículo incidiu na elaboración das bases que rexerán a presente selección e vistos os criterios de valoración establecidos na fase de entrevista, terase en conta na selección a dispoñibilidade inmediata para a incorporación ao posto dado que se trata dunha substitución temporal por unha baixa por IT do titular do posto.

Así pois, por todo o anteriormente exposto, en uso das facultades que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local

RESOLVO

1.- Advocar singularmente neste caso (para poder iniciar a prestación do contrato á maior brevidade posible) a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 355/2023, do 26 de xuño de 2023, correspondente a “*aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo*”.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.- Aprobar as bases, que quedan incorporadas como anexos de resolución, e autorizar o gasto correspondente para iniciar o procedemento de selección para contratar, nas mesmas condicións económicas e funcionariais, ao substituto do coordinador de emerxencias, de baixa por IT, ata a incorporación deste.

3.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado no punto quinto das bases, á técnica xurídica do Concello, dona Sonia Campos Ares.

4.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas publicando este acordo no taboleiro de anuncios e na web do Concello para que as persoas interesadas poidan presentar as súas solicitudes.

5. Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local e ao pleno do Concello na vindeira sesión plenaria.

Carral, na data da sinatura dixital que figura á marxe

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto, e aos únicos efectos de fé pública (Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo) dou fe.

A secretaria

Rebeca Vázquez Vázquez



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANEXO

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A SUBSTITUCIÓN DO COORDINADOR DE EMERXENCIAS A TRAVÉS DO SISTEMA DE SELECCIÓN DE CONCURSO LIBRE E ENTREVISTA PROFESIONAL.

1.- Obxecto da convocatoria e procedemento de selección

É obxecto da presente convocatoria regular a contratación por substitución por duración determinada dun/ha coordinador/a de emerxencias para o departamento de Obras e Servizos do Concello de Carral nas seguintes condicións:

- modalidade contractual substitución
- xornada completa.
- ata a incorporación do titular do posto
- sistema de selección a través do sistema de selección de concurso libre e entrevista profesional.


2.- Funcións do posto

O cometido funcional do posto versará sobre as tarefas que se recollen na ficha do coordinador de emerxencias incluída na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral:

“-Actividades de valorización e reparación dos espazos urbanos (limpeza, mantemento e pequenas obras).

- Actividades de prevención que inclúen servizo personalizado nas saídas e entradas nos centros escolares para o cruzado da poboación escolar nos pasos de peóns así como apoio, auxilio e colaboración co centro de emerxencias 112 da Xunta de Galicia.

- Promoción do turismo con asistencia e acompañamento aos grupos escolares durante as súas visitas ao Concello e asistencia e colaboración na atención de peregrinos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


- Participación en funcións de vixía e saúde cando sexa demandando pola Policía Local.
- Xestión e coordinación das feiras da localidade con presenza ata o remate das mesmas.
- Condución do vehículo de emerxencias e utilización dos elementos deste así como labores de limpeza e mantemento dos elementos para conservalo en boas condicións.
- Presenza na saída dos tanatorios os días de defuncións.
- Tarefas que lle correspondan ás persoas da súa categoría profesional ás que substitúa, en caso de vacante ou ausencia, durante o tempo que dure a devandita substitución.”

Tamén deberá realizar aquelas tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais competentes ou polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

3.-Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea (en idénticas condicións sempre que acrediten xunto coa súa instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo que, segundo o dereito comunitario, é neste sector de aplicación a libre circulación de traballadores) ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Ter máis de dezaioito anos de idade (ou ter entre dezaseis e dezaioito anos, vivir de forma independente, con consentimento dos seus pais ou titores, ou con autorización da persoa ou institución que os teña ao seu cargo, nos termos do artigo 7.b) do Estatuto dos Traballadores) e non ter acadada a idade de xubilación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que se aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, porén, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incapacidade nin de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Estar en posesión do permiso de conducir da categoría B, válido e en vigor.

4.- Solicitud de participación no procedemento.

Para poder cubrir a vacante solicitarase oferta á oficina de emprego correspondente ademais de poder presentaren todos os demais interesados solicitud no rexistro municipal do Concello aínda que non será condición atoparse en situación de desemprego mais si estar dispoñible para o traballo no momento da contratación.

Para tomar parte nas probas selectivas, os interesados deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Carral, segundo o modelo que se achega con estas bases, presentándose no rexistro xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, durante o prazo de (4) **catro días hábiles**, contados a partir da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios da web do Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia verificada, por calquera dos medios legalmente previstos, do D.N.I, pasaporte ou documento que acredite a súa nacionalidade e identidade.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ao emprego público. (Anexo II)
- Relación de méritos e documentación acreditativa da súa posesión, orixinal ou cotexada.
- Copia verificada, por calquera dos medios legalmente previstos, do permiso de conducir de clase B.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Tampouco se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude; se ben, os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

5.-Relación de admitidos/as e excluídos/as

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requirida e de realizar unha valoración preliminar das solicitudes, valoración que deberá presentar á alcaldía unha vez rematado o prazo de solicitudes de instancias.

O alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro e na web do Concello, outorgándose un prazo de dous



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

días hábiles para reclamacións ou emendas nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De non existiren candidatos/as excluídos/as, a listaxe provisional elevarase automaticamente a definitiva.

As reclamacións, de existiren, resolveranse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará da mesma forma que a provisional.


Realizadas as probas de selección, publicarase a acta emitida polo tribunal cualificador no taboleiro de anuncios do Concello outorgándolle aos/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións. De non existiren reclamacións o alcalde resolverá a contratación do/a primeiro/a dos/as candidatos. Se houber alegacións ou reclamacións o tribunal cualificador reunirse para resolver as mesmas.

6.- Órgano de selección

1.-Os membros do órgano de selección serán designados pola Alcaldía, ao abeiro do establecido no artigo 60 e 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a súa composición publicarase no taboleiro de anuncios do Concello. Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio Concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio.

2.-Na composición do órgano de selección promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, notificándoo á autoridade que os convoca. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

5.- O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

6.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.


7.- Fase de concurso

Na fase de concurso os/as aspirantes poderán acadar unha puntuación máxima de **(7) dez puntos** e nela unicamente serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

- a) Experiencia: valorarase o tempo traballado en postos da mesma categoría profesional ou superior. A puntuación por este concepto será de **5 puntos**.
- a) servizos prestados na Administración Local: 0,075 puntos por mes de traballo.
- b) servizos prestados noutras Administracións Públicas: 0,05 puntos por mes de traballo.
- c) servizos prestados no sector privado: 0,025 puntos por mes de traballo.

Para estes efectos os meses terán unha duración de 30 días a xornada completa, polo que para aquelas xornadas parciais sumaranse os días e as horas traballadas ata acadar un mes completo puntuable.

A experiencia laboral acreditarase mediante orixinal ou copia verificada, por calquera dos medios legalmente previstos, do contrato de traballo e do informe de vida laboral. A vida laboral debe estar actualizada e ser recente. No caso de ter prestado servizos nas Administracións Públicas, a experiencia poderá acreditarse cunha certificación de servizos prestados.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

b) Formación: cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, ata un máximo de **2,00 puntos**, segundo se indica:

- a) Cursos de máis 41 horas: 0,60 puntos
- b) Cursos de 21 a 40 horas: 0,45 puntos
- c) Cursos de 11 a 20 horas: 0,30 puntos
- d) Cursos de 4 a 10 horas: 0,15 puntos

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos recibidos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados. Neste senso, non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias ou outras institucións privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente algún dos módulos que compoñen o curso estea relacionado co posto ao que se pretende optar. Cando se presenten xustificacións de cursos con contidos substancialmente similares, só se valorará o de maior duración.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse documentación xustificativa de ter finalizado con aproveitamento o curso, ben sexa a través de orixinal ou de copia verificada por calquera dos medios legalmente previstos, do informe emitido pola persoa responsable ou coordinadora do curso, de certificado ou do diploma expedido pola entidade organizadora (calquera das tres xustificacións é válida).

8.- Fase de entrevista

Nesta última fase os/as aspirantes poderán acadar unha puntuación máxima de **(3) tres puntos** a través da realización dunha entrevista profesional que versará sobre o currículo e a experiencia laboral do/a candidato/a en postos similares a estes e en relación co desenvolvemento das funcións propias do posto.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

9.- CALIFICACIÓN DO PROCESO SELECTIVO E A SÚA PUBLICIDADE

Na resolución pola que se aproba a listaxe de candidatos admitidos definitivamente recollerase a composición do tribunal e o lugar, hora e data da celebración da entrevista profesional.

Previamente á entrevista profesional, os membros do tribunal reuniranse para valorar a documentación presentada coa instancia para participar no presente procedemento. A valoración destes méritos publicarase de forma global coa puntuación acadada na entrevista profesional conferíndolle a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións. O tribunal, á vista dos resultados e puntuacións totais, propondrá ao órgano competente a contratación do/a aspirante que obtivese as maiores puntuacións sen que, en ningún caso, poida superar o número de propostos/as da praza convocada.


Finalmente, o alcalde ou órgano delegado resolverá a contratación da persoa que maior puntuación acadase nesta selección.

Para o caso de empate na puntuación final, este resolverase a favor do aspirante que teña máis experiencia acreditada no expediente nun posto similar. De persistir o empate, darase preferencia a aquela persoa candidata que máis antigüidade teña como inscrita no Servizo Público de Emprego.

Os/as candidatos/as que cheguen a última fase do procedemento pasarán a formar parte dunha lista de agarda, fixarase unha orde de prelación pola puntuación acadada, da que se tirará en caso de que a persoa contratada cause baixa no posto no caso de IT, renuncia, permiso, etc ,e /ou outras vacantes temporais de natureza similar á do poste convocado. A persoa que cause baixa no posto pasará ao final da lista de agarda.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, exclusivamente, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello da páxina web (www.carral.es).

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O/a aspirantes proposto/a para ocupar o posto deberá presentar no rexistro do Concello a seguinte documentación:

- Copia verificada, por calquera dos medios legalmente previstos, da tarxeta da seguridade social
- Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.

De non presentarse dita documentación pola persoa con maior puntuación no prazo de dous días hábiles procederase ao chamamento da seguinte persoa con maior puntuación no procedemento de selección.

11.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a.


Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, o/a aspirante non terán dereito a percepción económica algunha. Despois percibirá o salario do titular do posto.

O período de proba que se establecerá no contrato será o máximo legal, sendo motivo de extinción do contrato o non superalo.

12.- Protección de datos

Os/as aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello de Carral, con sede en Praza Campo da Feira 1, Carral (A Coruña), onde poderá exercer en todo momento os dereitos que a Lei lle outorga, ou remitindo un correo electrónico a dpo@carral.es.

13.- Norma final



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


A presente convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 40/2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Do mesmo xeito, a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Carral, na data que figura á marxe

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/aprovisto/a de D.N.I.
nºconendereço na
R/.....nº.....piso.....
C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....


Coñecedor/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Carral para a contratación a tempo completo, na modalidade contractual de substitución, **dun/ha traballador/a para o departamento de Obras e Servizos, un/ha coordinador/a de emerxencias.**

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria, sen obxección algunha con respecto ás mesmas.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ao referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan, achegando en relación adxunta relación dos documentos que uno a esta solicitude.

Carral , de de 2023

Asdo:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....provisto/a de D.N.I.

nº.....con endereço na

R/.....nº.....piso.....


C.Postal.....Localidade.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

Que cumpro todos os requisitos mínimos esixidos para participar na convocatoria pública realizada polo Concello de Carral para a contratación, na modalidade de substitución, **dun/ha traballador/a para o departamento de Obras e Servizos, un/ha coordinador/a de emerxencias**, e que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Carral,.....de.....2023



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es